

4 ANOS
NOVENA SEMANA! A POR ELA!

CONTINUAMOS TRABALLANDO CO CONTO CO CONTO NOMEADO *UN AGASALLO DIFERENTE* DA EDITORIAL KALANDRAKA, ESCRITO POR MARTA AZCONA E ILUSTRADO POR ROSA OSUNA

LUNS, 8 DE XUÑO

1º RUTINAS

2º HISTORIAS NA NATUREZA

DADO QUE TRISTAN E MARCEL DAN UN PASEO POLA NATUREZA E FALAN DO BOSQUE, DA MONTAÑA, DO RIO, DO VAL... CONVIDOVOS A CONTAR HISTORIAS (REAIS OU INVENTADAS) EN VOZ ALTA. COMO? A CONTINUACION EXPLICO A IDEA, INSPIRADA EN FRANCESCO TONUCCI.

EN PRIMEIRO LUGAR, RECOMENDOVOS PROCURAR ENTRE OS VOSOS ALBUMES / TELEFONOS MOBILES / ETC. FOTOGRAFIAS DE LUGARES NATURAIS ONDE ESTIVESTES EN FAMILIA (TAMEN PODEDES USAR IMAXES DE LUGARES NATURAIS DE REVISTAS, XORNAIS, INTERNET...).

DESPOIS, CONVIDOVOS A:

- **ELIXIR UNHA: TODA A HISTORIA ACONTECE NO MESMO LUGAR**
- **ELIXIR VARIAS E, ORDENALAS BOCA ARRIBA NA ORDE QUE QUEIRADES: A HISTORIA SUCEDE EN DIFERENTES ESCENARIOS, NA ORDE QUE ELIXISTES**
- **ELIXIR VARIAS, COLOCALAS BOCA ABAIXO E, ILAS DESCUBRINDO A MEDIDA QUE VAIADES CONTANDO A HISTORIA: A HISTORIA SUCEDE EN DIFERENTES ESCENARIOS, NUNHA ORDE ELIXIDA AO AZAR**

ANIMO!

MARTES, 9 DE XUÑO

1º RUTINAS

2º CHEGA O VERAN

TRISTAN E MARCEL EMPREGAN O PANO DE BUFANDA PERO... COMO O INVERNO XA PASOU E, NUNS DIAS COMEZA O VERAN (O DIA 21 DE XUÑO MUDAMOS DE ESTACION DO ANO) PROPOÑOVOS DIVERSAS ACTIVIDADES (ELIXIDE A/S QUE MAIS VOS GUSTE/N) INSPIRADAS NALGUNS ASPECTOS CARACTERISTICOS DO VERAN.

SOL E LUA

ESTE XOGO E PARA FACER EN PARELLA PERO, TAMEN SE PODE FACER CUNHA BONECA, CUN PELUCHE... PRIMEIRO TEMOS QUE COLOCARNOS UN EN FRONTE DO OUTRO E ELIXIR QUEN E O SOL E QUEN A LUA. DESPOIS, O SOL DEBE FACER MOVEMENTOS / EXPRESIONS (EXEMPLO: LEVANTAR O BRAZO DEREITO, ABRIR A BOCA, ANICARSE, SALTAR DUAS VECES...) E, A LUA, DEBE IMITALO. FINALMENTE, CAMBIANSE OS PAPEIS, QUEN ERA O SOL PASA A SER A LUA E, QUEN ERA A LUA PASA A SER O SOL.

CASTELOS DE...

DESTA VEZ, NON VAN SER DE AREA... OU SI! DEPENDE DE CADA UN!!! A IDEA E FACER UN CASTELO CUN MATERIAL QUE ELIXADES DOS QUE TEÑADES NA CASA: PEZAS DO XOGO DAS CONSTRUCIONS, ARXILA, REFUGALLO...

EXPLORADORES/AS

TEMOS UNHA MISION! DESCUBRIR 5 OBXECTOS AGOCHADOS NUN ESPAZO DA CASA SEGUINDO UN MAPA SINXELO E CLARO. POR EXEMPLO, SE ELIXIMOS O SALON E, HAI UN OBXECTO AGOCHADO DETRAS DO SOFA TEMOS QUE DEBUXAR NO MAPA UN SOFA E POÑER UNHA MARCA DETRAS DO MESMO.

XEADERIA

HOXE IMOS VENDER XEADOS. PARA ISO, DEBEMOS FACER UNS XEADOS SINXELOS CO MATERIAL QUE QUEIRADES (PAPEL, REVISTAS, XORNAIS, GOMA EVA...) E, COLOCARLLES UN PREZO SIMBOLICO (1,2,3,4,5...). CON TODO LISTO SO QUEDA AGARDAR AOS NOSOS CLIENTES!

DESEÑADORAS/ES

HOXE IMOS DESEÑAR UN BAÑADOR PERO OLLLO, DEBE CUMPRIR COAS SEGUINTES CONDICIONS. PARA ISO, SO TEMOS QUE COLLER UN FOLIO E, ESCOITAR ATENTAMENTE.

ESTE BAÑADOR...

- 1. MIDE DOUS PALMOS DE ALTO**
- 2. MIDE CATRO PALMOS DE ANCHO**
- 3. O ESTAMPADO E A RAIAS**
- 4. NO CENTRO, TEN UN CADRADO CHEO DE PUNTOS DE CORES**

MERCORES, 10 DE XUÑO

1º RUTINAS

2º COMEZAMOS COA PREPARACION DA FESTA DE FIN DE CURSO

DADO QUE TRISTAN E MARCEL CELEBRAN UN ANIVERSARIO E, A NOS TAMEN NOS GUSTAN AS CELEBRACIONES... IMOS PREPARAR UNHA FESTA PARA O VENRES PARA CELEBRAR O REMATE DO CURSO.

COMEZAMOS COS PREPARATIVOS. A CONTINUACION, DUAS COUSIÑAS SINXELAS.

O PANEL DA AMIZADE

COMO XA NOLO DEMOSTRARON TRISTAN E MARCEL, NUNHA BOA CELEBRACION NON PODEN FALTAR OS AMIGOS E AS AMIGAS. DESTE MODO, ANIMOVOS A FACER UN PANEL (PODEDES DESEÑALO COMO MAIS VOS GUSTE, NON TEN PORQUE SER UN PANEL EN SI) CO TITULO A *NOSA FESTA* ONDE INCLUADES OS NOMES DOS COMPAÑEIROS E COMPAÑEIRAS. SEGURO QUE QUEDAN BEN BONITOS!!!

***SE QUEREDES, TAMEN PODEDES FACER ALGUNHA OUTRA DECORACION SINXELA QUE SE VOS OCORRA.**

UNHA INDUMENTARIA PARA A OCASION

PARA TER UN AMBIENTE MAIS FESTIVO, INVITOVOS A DESEÑAR UNS GORROS SINXELOS, PARTINDO DUN TRIANGULO DE PAPEL, DE XORNAL, DE CARTOLINA... E, ENROLANDO. NON ESQUEZADES DECORALOS.

XOVES, 11 DE XUÑO

1º RUTINAS

2º SEGUIMOS COA PREPARACION DA FESTA DE FIN DE CURSO

ULTIMOS PREPARATIVOS...

UN BO APERITIVO

CONVIDOVOS A FACER, XUNTO COA VOSA FAMILIA, A VOSA RECEITA FAVORITA PARA MAÑA: UNHA COMIDA, UNHA MERENDA, UN POSTRE..., O QUE QUEIRADES! NUNHA BOA FESTA TAMPOUCO PODE FALTAR UNHA BOA COMIDA!

TOQUE FINAL

FEITO ISTO, XA SO NOS QUEDA DECORAR O ESPAZO ONDE MAÑA IMOS CELEBRAR A FESTA. NON ESQUEZADES COLOCAR O PANEL DA AMIZADE, A DECORACION, OS GORROS, E... DEIXAR A MESA POSTA! NESTA ULTIMA TAREFA E IMPORTANTE CONTAR O NUMERO DE CONVIDADOS, O NUMERO DE PRATOS, VASOS, PANOS DE MESA E GARFOS / COITELAS / CULLERES QUE PRECISAMOS, FIXARNOS NO TIPO DE PRATO (CHAN / FONDO) SEGUNDO A RECEITA ELIXIDA E, RECORDAR O LUGAR ONDE SE COLOCA CADA COUSA.

VENRES, 12 DE XUÑO

1º RUTINAS

2º CELEBRAMOS A FESTA DE FIN DE CURSO: ADEUS, ADEUS!

CHEGOU O DIA! CON TODO LISTO... COMEZAMOS!!! ESTADES PREPARADOS E PREPARADAS?

PRIMEIRO: PROPOÑOVOS DIVERSAS ACTIVIDADES (ELIXIDE A/S QUE MAIS VOS GUSTE/N):

ENCESTAR DIFERENTES MATERIAIS NUNHA CAIXA DE CARTON

CONDUCCIR UNHA PELOTA DE PING-PONG OU SIMILIAR SOPRANDO POR UNHA PALLA DENDE O LUGAR DA SAIDA ATA A META SEN SAIRSE DO CAMIÑO MARCADO

XOGAR AS ADIVIÑAS CON MIMICA (SEMANA 2: 20 DE ABRIL)

ENROLAR UN ANACO DUN NOVELO DE LA ANTES DE QUE REMATE O TEMPO

DISFRAZARSE DE DIFERENTES PERSONAXES, CON COUSIÑAS QUE TEÑADES POLA CASA

TEATRO DE TITERES

FACER UNHA TORRE CON CALQUERA MATERIAL QUE TEÑADES EN FORMA DE PIRAMIDE

PINTACARAS DO QUE MAIS VOS GUSTE

TRABALINGUAS (SEMANA 3: 27 DE ABRIL)

XOGAR AOS BOLOS, A MARIOLA, A PITA CEGA...

PINTAR COS PES

XOGOS DE MESA: DOMINO, TRES EN RAIA, PARELLAS...

RETOS: DUN PUNTO A OUTRO CORRENDO, COMO UN XIGANTE / ANANO, A PATA COXA, SALTANDO...

SEGUNDO: CHEGOU O MOMENTO DO DESCANSO. E A HORA DE DESFRUTAR DA RECEITA QUE FIXESTES (DEPENDENDO CAL: A MEDIA MAÑA, A HORA DO XANTAR...) NO LUGAR QUE DECORASTES E, ONDE PUXESTES A MESA.

TERCEIRO: A MODO DE FIN DE FESTA... CONVÍDOVOS A ESCOITAR AS VOSAS CANCIÓNS FAVORITAS PARA BAILAR E CANTAR. NUNHA BOA FESTA TAMPOUCO PODE FALTAR A MUSICA!

***PODEDES INVERTIR O PUNTO 2 E O 3, DEPENDENDO DA RECEITA E DE COMO QUEIRADES ORGANIZARVOS.**

AGARDO AS VOSAS MENSAXES!